



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al despliegue de la Brilat en Eslovaquia.**

Hace meses que la Brilat asumió el mando de la Brigada Multinacional de la OTAN en Eslovaquia, un plan acordado en la Cumbre de Varsovia de 2016, donde se aprobó reforzar «la disuasión como herramienta fundamental para garantizar la defensa de los ciudadanos de la Alianza». Este acuerdo cobró impulso tras el inicio de la guerra en Ucrania y ahora se refuerza con el compromiso de incrementar el gasto en defensa, armamento y una mayor presencia de las Fuerzas Armadas españolas en misiones apoyadas por la OTAN.

Así, alrededor de 800 militares del Estado español fueron desplegados en Lest, un campo de maniobras situado a 360 kilómetros de la frontera con Ucrania. Según las declaraciones de los altos mandos de estas tropas, la misión consiste en «proteger el flanco oriental de la Alianza Atlántica» en el marco de los dictados de la OTAN.

Se trata de una acción que incrementa la escalada militar y la confrontación armada que solo contribuye a favorecer la guerra. Actuaciones al servicio de los intereses de Estados Unidos y su visión imperialista y no pacifista.

En contraposición, el BNG defiende optar por la vía diplomática, el diálogo y la paz como instrumento para resolver cualquier conflicto internacional, además de rechazar la asignación de más fondos públicos al incremento del gasto militar en detrimento de inversiones y mejoras en los servicios públicos básicos.

El cumplimiento de los dictados de la OTAN y el desplazamiento de tropas del Estado español a zonas cercanas al conflicto supone un gasto de recursos económicos además de la participación militar directa en maniobras que no permiten trabajar por la paz sino que profundizan la escalada belicista.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:



1. ¿Cuáles son las tareas encomendadas a los militares españoles pertenecientes a la Brilat desplegados en Eslovaquia, en una zona próxima a Ucrania?
2. ¿Podrían verse obligados a participar en conflictos armados? ¿De quién reciben órdenes sobre acciones e intervenciones?
3. ¿Cuál es el coste de este despliegue militar?
4. ¿Cuánto tiempo estará desplegada la unidad de la Brilat en esta zona?
5. ¿Cuál es el volumen actual de personal y recursos técnicos del Estado español desplegados bajo las órdenes de la OTAN? ¿Pueden facilitar cifras del coste total de la participación en estas misiones?
6. ¿Creen que estas acciones y despliegues ayudan a lograr una solución mejor y pacífica a los conflictos internacionales?

Madrid, a 14 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2025 10:01:15

Entrada **68567**

Sobre o despregamento da Brilat en Eslovaquia

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao despregamento da Brilat en Eslovaquia.**

Ha meses que a Brilat asumiu o mando en Eslovaquia da Brigada Multinacional da OTAN, plan acordado na Cimeira de Varsovia de 2016, onde se aprobou reforzar a “disuasión como ferramenta fundamental para garantir a defensa da cidadanía da Alianza”. Un acordo que tomou pulo despois do inicio da guerra na Ucraína e que agora vese reforzado co compromiso de incremento do gasto en defensa, armamento e cunha maior presenza das forzas armadas do Estado español en misións amparadas pola OTAN.

Así, ao redor de 800 militares do Estado español foron despregados en Lest, un campo de manobras que está a 360 quilómetros da fronteira ucraína. Segundo as afirmacións de altos mandos destes efectivos, a misión consiste en “protexer o flanco este da Alianza Atlántica” no marco dos ditados da OTAN.

Trátase dunha acción que ven a incrementar a escalada militar e a contraposición armada que só axuda ao favorecer as saídas bélicas. Actuacións ao servizo dos intereses dos EUA e da súa visión imperialista e non pacifista.

En contraposición, o BNG defende optar polas vías diplomáticas, o diálogo e a paz como instrumento para solucionar calquera conflito internacional, ademais de rexeitar o destino de máis fondos públicos para o incremento do gasto militar a costa dos investimentos e melloras nos servizos públicos básicos.

O cumprimento dos ditados da OTAN e o desprazamento de tropas do Estado español até as zonas próximas ao conflito implica un gasto de recursos



económicos ademais dunha participación militar directa en manobras que non permiten traballar pola paz senón afondar na escalada belicista.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son os cometidos encomendados aos militares do Estado español pertencentes á Brilat despregados en Eslovaquia, nunha zona próxima á Ucraína?
2. Poderían ter que participar en conflitos armados? De quen reciben as ordes sobre actuacións e intervencións?
3. Cal é o custo deste despregamento militar?
4. Até cando estará a unidade da Brilat despregada nesta área?
5. Cal é o volume actual de persoal e medios técnicos do Estado español despregados baixo as ordes da OTAN? Pode dar cifras sobre o custo total da participación nestas misións?
6. Considera que estas actuacións e despregamentos axudan a unha mellor e pacífica solución dos conflitos internacionais?

Madrid, a 14 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

